

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

VISTO que con data de 01/07/2009 se abre a tempada de baño das praias do municipio, é necesario a contratación de socorristas para completar un plantel de ata un total de dezaseis socorristas.

CONSIDERANDO as atribucións conferidas polo artigo 21.1. g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril,

RESOLVE:

Primeiro:- Que se proceda á confección dun sistema de lista na que figuren os aspirantes que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases para a provisión con carácter laboral temporal de socorristas.

Segundo:- Para darlle publicidade a este proceso de selección, insertarase un anuncio nun periódico de tirada comarcal e exporase un anuncio no taboleiro municipal de anuncios e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno ata o 10/06/2009

Terceiro:- A selección deste persoal rexerese en todo caso polas bases ás que neste intre se lles presta aprobación.

Cuarto:- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para poder tomar parte no Concurso será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- A) Pertencer a calquera dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.
- B) Os estranxeiros que non pertencan a algún dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.
- C) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.
- D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

- E) Non estar afectado por motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de Incompatibilidades referidos ó persoal das Administracións Públicas.
- F) Deberán acreditar estar en posesión de, como mínimo, título de graduado en educación secundaria obrigatoria, correspondente ó grupo C2 dos establecidos no art. 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- G) Deberán achegar declaración xurada das cargas familiares, e no seu caso fotocopia compulsada do libro de familia.
- H) Estar en posesión de diploma ou certificado que acredite o nivel CELGA 2 do idioma galego ou equivalente.
- I) Estar en posesión do título de socorrista acuático ou equivalente.

Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Boiro **ata o día 10/06/2009 ás 13:30 horas** e irán acompañadas da seguinte documentación (copias compulsadas ou orixinais):

- Copia do DNI.
- Currículum persoal sobre titulación e experiencia profesional vinculada a esa actividade, coa correspondente acreditación documental, mediante orixinais ou copias compulsadas.
- Copia do certificado que acredite, como mínimo, o grao de iniciación ó idioma galego.
- Certificado médico en impreso oficial que acredite que o/a candidato/a reúne as condicións físicas e psíquicas necesarias para ocupa-lo posto de traballo ó que aspira. A tal efecto faise

constar expresamente que serán excluídos do proceso de selección aqueles candidatos que presenten lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor enfermidades infecciosas ou obesidade, así como cegueira ou xordeira. **O certificado médico deberá necesariamente pronunciarse sobre estes aspectos.**

Quinto:- A comisión encargada da elaboración desta lista estará constituído da forma seguinte:

-Presidente: O secretario da corporación ou persoa en quen delegue
-Secretario: Severino Abalo Chouza (Josefa Campaña Carballo)
-Vocais: Dña María Mariño Poza (Suplente: D. Martín Blanco Buceta).
D. Ignacio J. Pérez Hermo (Suplente: Jesúa A. Moledo Sieira)
Un representante do Comité de Empresa.

Esta comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Esta comisión, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección da comisión, actuando con voz pero sen voto.

Sexto:- Baremación e proposta de contratación:

1.- Con data de **12/06/2009** publicarase no taboleiro de anuncios do concello, un listado cos candidatos admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión, así como dunha prevaloración dos méritos presentados.

2.- Contra este listado, os interesados poderán formular reclamación perante a comisión en escrito dirixido ó Sr. Alcalde ata o día **23/06/2009**.

3.- Resoltas as reclamacións, publicaranse as listas definitivas do mesmo xeito ó establecido para as provisionais o día **26/06/2009**. Asemade nesa mesma lista aparecerán os candidatos que, unha vez valorados os méritos, teñan a posibilidade de ser seleccionados para o posto ofertado, pasando a realizar unhas probas físicas .

Sétimo: fase de oposición:

Consistirá na realización dunha proba física de carácter obrigatorio. A non comparecencia ó mesmo implica a eliminación.

A tal efecto eses aspirantes que pasen á fase de oposición, quedan convocados para o luns 29/06/2009 ás 11:00 horas na base de Protección Civil en Praia Xardín.

Unha vez realizada e valorada esta proba, o tribunal elevará lista de contratación para proposta de nomeamento ó alcalde, que fará o nomeamento definitivo mediante resolución de alcaldía, formalizándose o contrato laboral temporal suxeito á lexislación laboral, Estatuto dos Traballadores e normas que o desenvolvan, debendo presentar no Departamento de Persoal a documentación esixida nas Bases.

Oitavo: Listas de contratación. Procedemento para o chamamento:

a) Chamamento:

1. Elaboradas as listas pola comisión encargada ó efecto, remitiranse ó departamento de persoal do Concello.

2. Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto de traballo o departamento de persoal avisará á persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista lle corresponda ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ocupar o posto de traballo seguirase o chamamento segundo o orde de prelación establecido na lista.

3. As comunicacións faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ao interesado para que recolla a comunicación en persoa. Este aviso telefónico será feito en presenza dunha testemuña e ,en todo caso , quedará constancia da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto.

b) Situación na lista:

Os integrantes da lista non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas, ata que se cumpran 12 meses de contrato, de tal maneira que se a contratación ou nomeamento para a que son chamados ten unha duración inferior, retornarán ó posto que lles corresponda na lista. Cando o contrato ou sumas de contratos sexan de 12 meses ou superior pasarán ó final da lista por un periodo de catro meses, logo retornarán ó seu posto inicial.

A aceptación dun chamamento desta lista suporá a suspensión para o chamamento nas outras listas nas que estea, sen prexuízo do disposto no artigo 8.c.2.

c) Os chamamentos ós aspirantes:

1. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente, que permita a constancia da recepción destes.

O chamamento poderase facer telefonicamente en supostos de urxencia, cando a súa non cobertura por esta forma puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 horas e as 15 horas, e o funcionario que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Estes chamamentos poderán realizarse en presenza dunha testemuña.

Os integrantes das listas que, sendo chamados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, segundo o disposto neste artigo, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán, agás que se trate de causa de forza maior, os seus dereitos quedando excluídos da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, agás que fose para atender outro chamamento para unha vacante.

Procederá a suspensión dos chamamentos sen penalización algunha á petición do interesado e sempre que o xustifique suficientemente nos seguintes casos:

- Maternidade ou adopción legal
- Exercicio de representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio
- Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- Coidado de fillos menores de 3 anos ou dun familiar ata o 2º grao consanguinidade ou afinidade que non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividades retribuídas.
- Calquera outra que a Comisión de Selección considere de forza maior.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 8.b), os chamamentos para prazas vacantes realizaranse por unha soa vez, tamén segundo a puntuación acreditada nas listas, aínda que xa estivera prestando servizos nunha praza que non teña a consideración de vacante, agás que non se atendera o chamamento para unha destas prazas. Para os efectos destas bases entenderase por praza vacante aquela que careza de titular, excepto as prazas de persoal laboral con xornada igual ou inferior a media xornada en cómputo semanal.

Noveno:- A comisión queda facultada para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar

cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Para o non previsto nas presentes bases aplicarase a normativa referente ó ingreso de persoal das Administración Públicas.

Décimo:- Da presente resolución darase conta ó Pleno da corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

ANEXO

BASES PARA CONFECCIONAR UNHA LISTA PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE SOCORRISTA.

1º.-OBXECTO:

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter temporal de postos de socorrista acuático, que desempeñarán ás funcións propias do posto nas praias do municipio.

2º.- NÚMERO MÁXIMO DE INTEGRANTES DA LISTA:

Atendendo á previsión de mobilidade de persoal establécese un número máximo de 20 candidatos.

3º.- SISTEMA DE ACCESO:

O sistema de acceso é o de concurso oposición.

4º.- BAREMO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1).- **Titulación.** Máximo 3 puntos. Valoraranse as titulacións relacionados co posto de socorrista acuático:

- *Ciclo de grao superior (ou equivalente): 1 punto*
- *Diplomatura: 2 puntos*
- *Licenciatura: 3 puntos*

Soamente se puntuará a titulación de maior nivel acreditado. A tal efecto achegarase ademais da copia do título, copia do listado de materias impartidas e aprobadas onde apareza a relación da titulación co posto.

2).- **Carnés e/ou permisos:** Máximo 0,75 puntos

- *Carné de conducir clase B: 0,25 puntos*
- *P.N.B. ou P.E.R.: 0,50*

3).- **Experiencia profesional.**- Máximo 3 puntos

Valoraranse traballos prestados nas diferentes administracións públicas e/ou empresas privadas como socorrista acuático a razón de 0,05 puntos/mes

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorrataense segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30.

Esta experiencia laboral acreditarase mediante contrato de traballo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4).- **Formación complementaria.** Máximo 3 puntos.

Valoraranse cursos que estean relacionados coas funcións a desenvolver da maneira que segue:

a) Por cada curso impartido polas administracións públicas, universidades ou o INEM relacionado coas funcións que se van a desempeñar:

- De 20 a 59 horas: 0,20 punto/curso
 - De 60 a 99 horas: 0,40 puntos/curso
 - De 100 a 149 horas: 1 punto/curso
 - De 150 ou mais: 2 puntos/curso
- Neste apartado inclúense os cursos de Técnicos Superiores e/ou Másters impartidos polas universidades públicas

c) Non se valorará ningún curso que non sexa impartido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías) Administración do Estado (Ministerios) Universidades Públicas e Servizo Público de Emprego, ou que non estean debidamente homologados polos mesmos organismos.

d) Non se valorará ningún curso en que a materia estea comprendida dentro do temario doutro curso de máis horas presentado polo mesmo solicitante.

5º.- OPOSICIÓN.

Consistirá na realización dunha proba física de carácter obrigatorio. A non comparecencia ó mesmo implica a eliminación.

A tal efecto eses aspirantes que pasen á fase de oposición, quedan convocados para o luns 29/06/2009 ás 11:00 horas na base de Protección Civil en Praia Xardín.

Esta proba física realizarase na Praia de Praia Xardín, que terá unha valoración de 0 ata 10, consistente en percorrer o seguinte:

- . 200 m. de carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi)
- . Entrada á auga e nado duns 600 m. co material de salvamento
- . Chegar á area e percorrer uns 200 m. co material de salvamento

*Nota: as distancias variarán en función do estado do mar, así coma a utilización do flopi. **Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.**

→ O tempo contarase a partires do primeiro aspirante a pasar pola meta.

TÁBOA DE PUNTUACIÓNS:

HOMES	PUNTOS	MULLERES	PUNTOS
1º clasificado	10	1ª clasificada	10
+ 0,18''	9	+ 0,18''	9
+ 0,36''	8	+ 0,36''	8
+ 0,54''	7	+ 0,54''	7
+ 1,12''	6	+ 1,12''	6
+ 1,30''	5	+ 1,30''	5
+ 1,48''	4	+ 1,48''	4
+ 2,06''	3	+ 2,06''	3
+ 2,24''	2	+ 2,24''	2
+ 2,42''	1	+ 2,42''	1
+3,00''	0	+3,00''	0

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación, en Boiro a vinteoito de maio de dous mil nove.

O alcalde,

O secretario,

Xosé Deira Triñanes

Juan M. Salguero del Valle

Don/Dona _____ con
DNI _____ e domicilio en _____,
parroquia de _____, municipio de _____, teléfono de
contacto _____,

EXPOÑO:

Que ó abeiro da Resolución de Alcaldía de data de 28/05/2009 no que se aproban as bases para a confección dunha listaxe para a cobertura temporal de prazas de socorristas,

ACOMPAAÑO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Copia compulsada do DNI.
- Documentación relativa a minusvalía no seu caso.
- Currículum vitae coas copias documentais de experiencia e formación relativa ó posto solicitado.
- Copia compulsada do diploma/certificado idioma galego.
- Copia compulsada do título de socorrista acuático ou equivalente.
- Copia compulsada titulación.
- Copia compulsada do permiso de conducir.
- Copia compulsada do *P.N.B. ou P.E.R.*
- Copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego.
- Certificado médico.

SOLICITO:

Que teña a ben admiti-la miña solicitude para ser integrado la lista de socorristas.

Boiro, _____ de _____ de 2009

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO